



I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

ENTRE MULLERES E HOMES

(2005-2008)

CONCELLO DE XERMADE

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
ÁREAS DE ACTUACIÓN	6
○ Área I: Administración local e participación socio-política	7
○ Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral	9
○ Área III: Cultura, ocio e tempo libre	11
○ Área IV: Saúde, atención social e violencia de xénero	12
○ Área V: Medio ambiente e desenvolvemento sostible	14
AVALIACIÓN	15

INTRODUCCIÓN

Nos inicios do século XXI o marco legislativo europeo constata a necesidade dunha regulación da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, co fin de adaptarse ás novas necesidades plantexadas por unha sociedade sometida a un cambio constante.

As políticas de igualdade son marcos referenciais elaboradas co propósito de mellorar a situación da muller en tódolos ámbitos, e son necesarias porque aínda que as leis recoñecen unha igualdade formal entre homes e mulleres, existen verdadeiras desigualdades que impiden a equiparación do papel da muller e do home.

Para o deseño deste “I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2005-2008)” do concello de Xermade tivéronse en conta os seguintes marcos referenciais:

- **IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres**, celebrada en Beijing en 1995. Os gobernos que participaron nela toman conciencia da necesidade de desenvolver un contorno igualitario introducindo a perspectiva de xénero en tódalas políticas, establecendo o principio de que as mulleres e os homes deben compartir poder e responsabilidades.
- A nivel europeo, as directrices están marcadas pola **Estratexia marco comunitaria para a igualdade entre homes e mulleres 2001-2005**.
- A nivel nacional o **IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes (2003-2006)**, recolle medidas dirixidas a combater as discriminacións e a aumentar a presenza da muller naqueles ámbitos da vida social onde está infrarrepresentada.
- No ámbito da nosa comunidade autónoma o **IV Plan de Igualdade de Oportunidades das Mulleres Galegas (2002-2005)**, recolle sete áreas de actuación:
 1. Cooperación, participación sociopolítica e empoderamento.
 2. Educación en Igualdade.

3. Información, sensibilización e medios de comunicación.
4. Formación, emprego e conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
5. Saúde integral e promoción da inclusión social.
6. Cultura, ocio e deporte.
7. Desenvolvemento sostible.

Estes documentos marcan unha serie de liñas que neste primeiro plan adaptamos ás características e necesidades específicas do noso municipio. Para coñecer a situación real da que partimos no noso concello, consideramos as seguintes cuestións:

- A situación das mulleres do municipio analizada a partir dos datos que nos ofrece o INE, o IGE o INEM e datos do propio concello.
- Outras experiencias relacionadas coa igualdade de oportunidades e que obtivemos a través de contactos con axentes sociais, axentes de igualdade e outros plans de igualdade.

Os resultados obtidos ofrécenos a realidade dunha poboación envellecida, onde o número de mulleres supera ó dos homes. En canto á formación, as mulleres teñen un nivel formativo inferior ó dos homes nos graos máis baixos da formación pero teñen un nivel superior nos graos máis altos.

A taxa de actividade entre as mulleres e máis baixa que a dos homes, e as actividades principias das mulleres céntranse no sector primario e terciario. A participación social das mulleres está dificultada pola carga doméstica que recae sobre elas e polas distancias existentes ó tratarse dun concello eminentemente rural.

Dada a situación actual no concello é necesario realizar accións como:

- Implantar medidas de acción positiva ou discriminación positiva, para a conciliación da vida laboral e familiar, incluíndo ó colectivo masculino, xa que sen a súa participación este cambio sería incompleto.
- Fomentar a participación socio-política das mulleres.
- Difundir e dar a coñecer os recursos locais para as mulleres.

- Proporcionar formación para a integración da muller no mercado laboral.
- Introducir o principio de *Mainstreaming* ou Transversalidade, baseado na organización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos, de xeito que a perspectiva de xénero se incorpore en tódalas políticas, a tódolos niveis e en tódalas etapas polos actores normalmente involucrados na adopción de medidas políticas.

A igualdade de oportunidades non lles compite soamente ás mulleres, senón ó conxunto da sociedade. Esta idea é esencial para que a igualdade sexa un motor de progreso da nosa sociedade.

ÁREAS DE ACTUACIÓN

Este plan de igualdade conta con varias áreas de actuación nas que se quere intervir e nas que se explicitarán os obxectivos globais que se poden acadar, así como un conxunto de actuacións ou medidas concretas que se axustarán ós obxectivos do plan dependendo das necesidades e recursos dispoñibles.

Estimamos que a temporización ideal para a execución e desenvolvemento das estratexias deste plan é dun período de 4 anos, que abrangue dende o 2005 ó 2008, posto que hai actuacións que se executarán a curto prazo e outras a medio prazo.

O plan que aquí presentamos recolle un total de cinco áreas de actuación que se consideraron de prioritaria intervención:

- Área I: Administración local e participación socio-política
- Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.
- Área III: Cultura, ocio e tempo libre.
- Área IV: Saúde, atención social e violencia de xénero.
- Área V: Medio ambiente e desenvolvemento sostible.

Área I: Administración local e participación socio-política.

OBXETIVOS	ACTUACIÓNS
1. Introducir o principio de transversalidade nas políticas, plans e programas de interese para a muller na área local.	<ul style="list-style-type: none">• Inclusión da variable sexo nos estudos, informes e estatísticas realizadas dende o Concello de Xermade.• Uso dunha linguaxe non discriminatoria en tódolos documentos municipais.• Aplicar a perspectiva de xénero a tódalas actuacións que se leven a cabo dende o Concello.• Facer campañas de sensibilización entre a corporación e persoal do Concello para o uso e coñecemento do principio de transversalidade.• Definición dun protocolo xeral para a integración do principio de transversalidade tendente a homoxenizar a súa formulación, implementación e xestión nas diferentes áreas municipais.
2. Promover a participación das mulleres nas organizacións sociais e políticas.	<ul style="list-style-type: none">• Ofrecer asesoramento a mulleres para a creación, xestión e organización de asociacións e outras entidades de iniciativa social de interese para as mulleres.• Facilitar o acceso a locais e recursos económicos para entidades e asociacións de interese para as mulleres.• Organizar charlas co fin de promover o tecido asociativo na zona.• Implicar ós diferentes axentes sociais e

	<p>políticos na implantación e avaliación do presente plan mediante a organización de reunións.</p>
<p>3. Coordinar e cooperar as actuacións municipais en política de igualdade con outras administracións que traballen neste ámbito.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a celebración de encontros con outras administracións (locais, comarcais e autonómicas) para o intercambio de información e experiencias sobre a implementación do principio de transversalidade.
<p>4. Impulsar o acceso da muller a cargos de poder e a súa participación nos órganos de decisión.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Organizar charlas a cargo de mulleres con cargos directivos visibilizando a estas mulleres e promovendo o intercambio de experiencias. • Realizar talleres e obradoiros para mulleres que lles permitan desenvolver as súas capacidades e competencias persoais. • Realización de foros e debates nos que se lles ofrezca a oportunidade ás mulleres de expresar opinións e demandas.

Área II: Formación, emprego e conciliación da vida familiar e laboral.

OBXETIVOS	ACTUACIÓNS
1. Promover a formación da muller para a incorporación ó mercado laboral.	<ul style="list-style-type: none">• Analizar as necesidades formativas das mulleres para o acceso ós novos xacementos de emprego.• Colaboración co Técnico Local de Emprego (T.L.E.) en canto á demanda e oferta das mulleres para os cursos de formación.• Introducción da transversalidade nos distintos cursos de formación organizados dende o concello mediante a presenza dun módulo de igualdade.• Realizar cursos de formación para as mulleres, en colaboración co Servicio Galego de Igualdade (S.G.I.), que lles permita mellorar as súas expectativas de emprego.• Realizar xornadas de busca de emprego nas que se conciencie da importancia da formación e a reciclaxe profesional.
2. Favorecer a incorporación das mulleres ó mercado laboral.	<ul style="list-style-type: none">• Informar ás empresas da zona sobre as axudas existentes para a contratación de mulleres.• Colaborar co T.L.E. na inserción laboral das mulleres facilitando información sobre as demandas e ofertas de emprego, así como dos programas e servicios de emprego.

	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar campañas de sensibilización co fin de eliminar prexuizos por razón de xénero que obstaculicen a inserción laboral das mulleres.
3. Potenciar o autoemprego entre as mulleres do concello.	<ul style="list-style-type: none"> • Colaboración co T.L.E. para ofrecer ás mulleres información para o autoemprego. • Realización de charlas para fomentar a participación das mulleres na actividade empresarial potenciando o coñecemento do autoemprego como alternativa laboral. • Informar acerca do cooperativismo e outras formas posibles de autoemprego no medio rural.
4. Favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar campañas de concienciación da importancia da corresponsabilidade nas tarefas domésticas. • Informar sobre o servicio de axuda a domicilio que se ofrece dende a administración local. • Informar sobre os recursos e lexislación existentes en materia de conciliación. • Realizar unha campaña de información e sensibilización sobre a igualdade entre homes e mulleres con respecto á conciliación da vida laboral e familiar entre os alumnos do centro escolar. • Crear un recoñecemento especial para as empresas locais que cumpran as medidas de conciliación da vida laboral e familiar.

Área III: Cultura, ocio e tempo libre.

OBXETIVOS	ACTUACIÓNS
1. Diseñar e impulsar actividades de ocio e tempo libre para as mulleres.	<ul style="list-style-type: none">• Impulsar a participación das mulleres nas actividades deportivas programadas dende o concello.• Realizar actividades de ocio de interese para a poboación feminina (cine, excursións, charlas...)• Fomentar a perspectiva de xénero entre os nenos con actividades lúdicas onde se involucren os pais e nais (xogos, contacontos..)• Facilitar o acceso das mulleres a internet e ás novas tecnoloxías a través de cursos de formación.
2. Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais.	<ul style="list-style-type: none">• Crear na páxina web do concello unha área adicada á muller.• Estimular e apoiar a participación das mulleres na produción cultural facendo visibles as obras realizadas por elas.• Informar ás asociacións das axudas que se conceden para a realización de actividades.• Realizar actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades coincidindo co 8 de marzo (Día Mundial da Muller Traballadora)

Área IV. Saúde, atención social e violencia de xénero.

OBXETIVOS	ACTUACIÓNS
1. Fomentar programas dirixidos a mellorar de xeito integral a saúde das mulleres.	<ul style="list-style-type: none">• Realizar actuacións conxuntas co persoal sanitario sobre educación sexual, prevención do embarazo e enfermidades de transmisión sexual dirixidas ós adolescentes.• Colaborar cos servizos sanitarios na difusión das campañas de prevención de trastornos alimentarios como a anorexia ou a bulimia.• Facer campañas sanitarias entre as mulleres sobre a menopausa, prevención da osteoporose, problemas depresivos e hábitos de automedicación.
2. Analizar a situación da muller en risco de exclusión social no concello.	<ul style="list-style-type: none">• Realizar un estudo sobre a situación da muller en risco de exclusión social, analizando as súas demandas para elaborar un programa de medidas concretas.• Desagregación por sexo dos informes e memorias dos Servizos Sociais.
3. Potenciar o acceso da muller ós servizos de asistencia social existentes.	<ul style="list-style-type: none">• Informar ás mulleres dos recursos existentes en materia de atención social.• Coordinar cos Servizos Sociais municipais o establecemento dunha serie de criterios de priorización das mulleres en situación de exclusión social.

<p>4. Promover unha atención integral ás vítimas de violencia de xénero.</p>	<ul style="list-style-type: none">• Divulgar guías sobre a prevención da violencia de xénero (maltrato físico, psíquico e acoso sexual).• Realizar accións de sensibilización na escola a través de talleres sobre a discriminación por razón de xénero que poden desembocar en actos de violencia contra as mulleres.• Promover a coordinación entre os distintos axentes sociais que interveñen na materia de prevención e asistencia ás vítimas de malos tratos.• Priorizar ás mulleres vítimas de violencia de xénero o acceso a cursos de formación.• Realizar actos conmemorativos do 25 de Novembro(Día Mundial contra a Violencia de Xénero) para rexeitar estes comportamentos.
--	--

Área V: Medio ambiente e desenvolvemento sostible.

OBXETIVOS	ACTUACIÓNS
1. Potenciar unha relación equilibrada e respetuosa das mulleres co medio ambiente.	<ul style="list-style-type: none">• Fomentar entre as mulleres actitudes respetuosas co medio ambiente e co entorno, a través de campañas de sensibilización.• Potenciar a redución e a reciclaxe dos residuos domésticos no fogar como un elemento máis da corresponsabilidade de homes e de mulleres na realización das tarefas domésticas.
2. Favorecer a participación das mulleres en iniciativas empresariais e urbanísticas que posibiliten o desenvolvemento sostible.	<ul style="list-style-type: none">• Impulsar o acceso das mulleres a novas ocupacións relacionadas co medio ambiente.• Apoiar as iniciativas empresariais das mulleres naquelas actividades económicas respetuosas co medio natural.• Ter en conta ás mulleres destacadas do municipio na denominación de rúas, prazas, parques, etc.

AVALIACIÓN

A avaliación dun Plan de Igualdade representa unha das etapas máis importantes na implimentación deste, xa que permitirá principalmente controlar o grao de cumprimento planificado, valorando a idoneidade das medidas postas en práctica, o seu impacto nas persoas afectadas e a súa efectividade, así como detectar posibles melloras.

Farase unha **avaliación interna** por parte das persoas implicadas no deseño e execución do Plan, e unha **avaliación externa**, na que se incluírán representantes dos distintos grupos políticos, expertos/as en políticas de igualdade, etc., que aportarán imparcialidade, ademais de fiabilidade, credibilidade e validez.

A temporización da avaliación levarase a cabo nas seguintes fases:

- *Inicial*: que fai referencia á planificación, idoneidade dos contidos iniciais do Plan...
- *Puntual*: de cada actividade que se leve a cabo.
- *Continua*: execución do plan anualmente, posibilidades de mellora.
- *Final*: ó remate do tempo de vixencia do Plan.

Na avaliación final (externa) terase en conta, en función da información manexada, a perspectiva cuantitativa e a cualitativa.

A **avaliación cuantitativa** será a contabilización das actuacións realizadas, iniciadas e non finalizadas ou non iniciadas, considerando o seu alcance, sobre todo en termos de ámbito xeográfico e de poboación beneficiaria.

En canto á **avaliación cualitativa**, a súa finalidade será coñecer-la opinión que fagan da execución do Plan responsables dos diferentes colectivos, entidades e organismos implicados neste, así como a dos propios colectivos beneficiarios.

Realizárase un informe final, ó termo da vixencia do presente Plan, nos que se inclúan os resultados da avaliación, indicando qué se fixo e cómo se fixo. Incluirá propostas de mellora, metodoloxía empregada na avaliación, resultados obtidos, etc.